

ACORDOS
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 8 DE XULLO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día oito de xullo de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a. Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. RENOVACION DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO DA ANTENA ORANGE FONTE FRIA CX2528.-
2. COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE SOLICITADA POR AMATA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA INICIO DE ACTIVIDADE DE AUTOESCOLA.-
3. ESCRITOS VARIOS.-
4. APERTURADE Plicas DA OBRA CAMIÑO ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ -AMBROA E OUTROS.-
5. COMUNICACION PREVIA DE TRANSMISION DE CAFE BAR SITO EN PONTEPEDRA - CABALEIROS.-
6. AUTORIZACION DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI A FAVOR DE J.M.G.R..-
7. APROBACION DE CERTIFICACION DE OBRAS.-
8. INFORMACIONS DA ALCALDIA.-

1. RENOVACION DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO DA ANTENA ORANGE FONTE FRIA CX2528.-

Acordos adoptados:

Asinar dita contrato conforme a normativa.

2. COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE SOLICITADA POR AMATA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA INICIO DE ACTIVIDADE DE AUTOESCOLA . –

Acordos adoptados:

Primeiro: Autorizar a AMATA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, para desenvolver a actividade de ESCOLA PARTICULAR DE CONDUTORES E CENTRO DE FORMACION VIAL (AUTOESCOLA), Pontepedra - 15683 Tordoia, dunha superficie de 62 m2 e coa denominación comercial de "AMATA" .

Segundo : Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro: Notificar esta acordo ao solicitante AMATA, S. Cooperativa Galega.

3. ESCRITOS VARIOS.-

- Visto o escrito Nº 523 de don J.M.G., actuando como presidente de AMATA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA e enderezo a efectos Santa Comba (A Coruña).
Acordos adoptados:
1º Autorizar a realización de prácticas en vías abertas ao tráfico
2º Non autoriza as prácticas na explanada do Campo de Fútbol Municipal da Rega en Pontepedra.
3º E non se lle facilitará ningún elemento necesario para a realización das prácticas como poden ser conos, vallas, etc.
- Visto o escrito nº 894 de dona L.F.P., con domicilio na parroquia de Tordoia
Acordos adoptados:
Que acredite a titularidade da solicitude.
- Visto o escrito nº 918 da Asociación Cultural San Cristovo onde solicitan as instalacións deportivas da parroquia de Cabaleiros para o mércores 20 e xoves 21 de xullo para levar a cabo o seguinte programa:
 - Chegada ó pavillón o mércores arredor das 11:00 h
 - . realización de distintos xogos durante toda a mañá
 - xantar
 - tarde na piscina municipal
 - . volta ó pavillón, ducha e noite de acampada
 - almuerzo e ruta de sendeirismo á Pedra Longa
 - . tarde de xogos nas instalacións polideportivas
 - volta para Carballo ás 19:00 do xovesAcordos adoptados:
Autorizar ditas instalacións para os mércores 20 e xoves 21 de xullo para que poidan realizar a programación descrita anteriormente.
Informar de dita actividade ao persoal de mantemento e notificar esta acordo ao solicitante.

4. APERTURA DE PLICAS DA OBRA CAMIÑO ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ-AMBROA E OUTROS.-

Acordos adoptados:

Remitir a documentación a Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais para que emita informe de valoración de ofertas conforme aos criterios de adxudicación segundo figuran no pregos de cláusulas administrativas.

Emitido o citado informe dese canta a Alcaldía para realizar a clasificación de adxudicación segundo a puntuación obtida.

5. COMUNICACION PREVIA DE TRANSMISION DE CAFE BAR SITO EN PONTEPEDRA - CABALEIROS.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da dita licenza a favor de dona L.M.R., para desenvolver a actividade de café bar en rúa emigrante, Pontepedra - 15683 Tordoia, dunha superficie de 144 m².

Segundo .- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenza de actividade .

Terceiro.- Notificar esta acordo ao adquirente

6. AUTORIZACION DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI A FAVOR DE J.M.G.R..-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- Que se adxudique a don J.M.G.R. a licenza de taxi nº 2 de auto - turismo (clase B) para a prestación do servizo de transporte de viaxeiros, sen taxímetro, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 28 de abril de 2016.

SEGUNDO.- Que se lle notifique a adxudicación ao sr. G.R., adxudicataria da licenza o acordo definitivo, para que no prazo de sesenta días naturais, contados dende a data da concesión, realice os trámites necesarios encomiñados á prestación do servizo, e concretamente o establecido no punto quinto do informe emitido pola Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia no seu informe do 10 de xuño de 2016: "De conformidade co disposto no punto segundo, para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi, debe acreditarse, documentalmente, perante o Servizo de Mobilidade, por remisión expresa do artigo 13 da Lei, o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Orde Ministerial de 4 de febreiro de 1993 en materia de autorizacións de transporte discrecional de viaxeiros por estrada (BOE do 16 de febreiro), e en concreto os previstos nos seus artigos 43,44, 45 e concurrentes, e en todo caso as esixencias do artigo 25 da Lei 4 / 2013, e aquelas outras que derivan da aplicación e desenvolvemento regulamentarios desta Lei".

TERCEIRO. - Que se inscriba no Rexistro de títulos habilitantes, de acordo co artigo 16.4 da Lei 4 / 2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a adxudicación da licenza de taxi resultante do procedemento.

7. APROBACION DE CERTIFICACION DE OBRAS.-

- Certificación nº 3 da obra CONVENIO DEPUTACION-CONCELLO Nº 102 / 2015 "SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa -ABOI E OUTROS", realizada por Obras y Viales de Galicia, S.L., por importe de 50.697,71.-€ factura nº E0 / 0065, subscripta polo Enxeñeiro de Camiños D. J.C.R.M..

Acordos adoptados:

Informar e aprobar favorablemente nos propios termos da súa redacción.

- Certificación nº 1 y final da obra POS 2016 "CAMIÑO EN PAZOS (ANDO IO) E OUTROS", realizada por Obras y Viales de Galicia, S.L., por importe de 31.700,00 .-€ factura nº E0/0066, subscripta polo Enxeñeiro de Camiños D. J.C.R.M..

Acordos adoptados:

Informar e aprobar favorablemente nos propios termos da súa redacción.

- Certificación nº 1 y final da obra POS 2016 "PRAZA EN SANTAIA (GORGULLOS) E OUTROS", realizada por Obras y Viales de Galicia, S.L., por importe de 37.500,01.-€ factura nº E0 / 006 7, subscripta polo Enxeñeiro de Camiños D. J.C.R.M..

Acordos adoptados:

Informar e aprobar favorablemente nos propios termos da súa redacción.

- Certificación nº 1 y final da obra POS 2016 "CAMIÑO BUÑO-ESCOLA DE BELVIS (NUMIDE)", realizada por Obras y Viales de Galicia, S.L., por importe de 31.000,01.-€ factura nº E0/0068, subscripta polo Enxeñeiro de Camiños D. J.C.R.M..

Acordos adoptados:

Informar e aprobar favorablemente nos propios termos da súa redacción

8. INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa do seguinte:

- Recíbese circular da Excma. Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación da 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS).
- Recíbese notificación de concesión de subvención en relación a Orde do 21 de decembro de 2015, pala que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións de natureza non competitiva do Fondo de compensación ambiental, para os concellos cuxo territorio municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e igualmente, os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, por un importe total de 9420,11€ para o proxecto denominado "compra dunha varredora e accesorios"
- Comunicación de concesión de subvención da liña en concorrencia non competitiva e da liña concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro de 2015, conveniada co Concello de Cerceda para a mellora de eficiencia enerxética, estase procedendo a contratación do mesmo según convenio suscrito.
- que dende a Consellería de Medio Rur al propoñennos conceder unhas axudas para os danos sufridos polos temporais acaecidos no 2015, e para arranxo de camiños estradas deste concello, os requisitos que solicitan son ter unha memoria ou proxecto explicativo das obras que se van a levar a cabo, solicitar permiso a augas de Galicia se corresponde, e a dispoñibilidade dos terreos municipais.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.